

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29 DE MAIO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Acordouse a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 22/2017 de data 22 de maio de 2017.

2.- EXPEDIENTE 740/2017. COMUNICACIÓN PREVIA EN MATERIA URBANÍSTICA (URBANISMO) CP4 EXP 8509/16.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para realización dun cerre en Catasós-Lalín.

3.- EXPEDIENTE 275/2017. COMUNICACIÓN PREVIA EN MATERIA URBANÍSTICA (URBANISMO).

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para canalización para pasar acometida telefónica en rúa Penatoares, s/n, Lalín.

4.- EXPEDIENTE 308/2017. COMUNICACIÓN PREVIA EN MATERIA URBANÍSTICA (URBANISMO).

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para rede de acometida en Lalín a realizar en rúa 21, nº 16, Lalín.

5.- EXPEDIENTE 1216/2017. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN. CP2 ACTIVIDADES CON OBRA-COMUNICACIÓN PREVIA EXP. 8830/17.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para tenda e taller de mecánica rápida sita en local exterior 7 bis, centro comercial Deza-Lalín.

6.- EXPEDIENTE 2048/2017. TRASPASO DE EXECUTIVA ESPINA E DELFIN LIQ. MARZO-ABRIL 17.

Acordouse traspasar o importe de 3.855,82 € correspondente ao ingreso neste Concello como consecuencia da recadación en vía executiva pola Deputación de Pontevedra das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

7.- EXPEDIENTE 1815/2017. ALTAS PARQUING MES DE MAIO.

Acordouse dar de alta varias solicitudes para o Parquing Aldea Grande.

8.- EXPEDIENTE 1860/2017. SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA O DESENVOLVEMENTOS DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS LÚDICO-MUSICAIS.

Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para ocupación de vía pública, para a celebración dun programa de actividades lúdico-musicáis durante 9 días do mes de xuño e xullo.

9.- EXPEDIENTE 93/2017. ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SERVICIOS(APLICACIÓN WEB SAF) POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Acordouse adxudicar o expediente de contratación denominado “APLICACIÓN WEB PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LALÍN”.

10.- EXPEDIENTE 54/2017. INICIO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN GAS NATURAL POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. CSU062017/GAS NATURAL.

Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL PARA CONCELLO DE LALÍN”.

11.- EXPEDIENTE 1438/2017. PROPOSTA DE GASTO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ILUMINACIÓN PARA A PISTA DE PETANCA.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto para dotar de iluminación a pista de petanca, mediante emprego de luminarias con tecnoloxía de baixo consumo e tipo led.

12.- EXPEDIENTE 1355/2017. SAF FACTURACION ABRIL.

12.1.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN ABRIL 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA.

12.2.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN ABRIL 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA.

13.- EXPEDIENTE 1839/2017. PROPOSTA DE GASTO PARA A ADQUISICIÓN DE CARPAS PARA EVENTOS VARIOS.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto para a adquisición de carpas

para eventos varios.

14.- EXPEDIENTE 1628/2017. CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO RELATIVO A DESIGNACIÓN EMPREGADO MUNICIPAL PARA FORMACIÓN CATASTRO.

Deuse conta do erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 15 de maio de 2017 no punto núm. 8.

15.- EXPEDIENTE 1226/2017. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA REINVERSIÓN DE BAIXA PPOS 2015. ACTUACIÓN DE MELLORA NA ÁREA DEPORTIVA E DE OCIO DE POZO DO BOI-VILATUXE.

Deuse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra , número de rexistro de entrada 3182 de 18/05/2017, co que achega Resolución Presidencial de data 15 de maio de 2017, no que comunican a autorización para a aplicación da baixa da subvención denominada *Dotación de áreas deportivas e de ocio en Pozo de Boi e Anzo*, executada ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS/15).

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2166/2017. ACTA PARA NOMEAMENTO EN PROPIEDADE POLO PROCEDIMENTO ORDINARIO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE DUN PRAZA DA CATEGORÍA DE POLÍCIA LOCAL COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DE LALÍN.

Acordouse nomear a un funcionario en prácticas da praza de Garda da Policía Local do Concello de Lalín

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2165/2017. CORRECCIÓN ERROS EXPEDIENTE 16372017. SOLICITUDE SUBVENCIÓN INICIATIVAS LOCAIS DIRIXIDAS A XUVENTUDE 2017.

Deuse conta do erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 22 de maio de 2017, no punto 11. Expediente 1637/2017. Solicitud de subvención iniciativas locais dirixidas a Xuventude 2017.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2049/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (FACTURAS)RELACIÓN 00042 XGL 29 MAIO.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00042 por importe de 6.286,58 €.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2013/2017. CONVOCATORIA E PROBAS DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN.

Acordouse aprobar as bases para a selección do seguinte persoal en réxime de laboral temporal: contratación de dous (2) auxiliares de Policía Local para a tempada de verán.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1874/2017. CORRECCIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (XUSTIFICACIÓN FEIRA DO COCIDO 2016).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acordou:

Declarar a urxencia e ratificar a mesma en relación con dito asunto, polos prazos breves que se precisan na tramitación de este expediente e no interese xeral para o Concello e para os veciños que supón a resolución do mesmo.

Vista a proposta da **Sra. Concelleira Delegada de Facenda**, en relación coa CORRECCIÓN DE ERROS DE ACORDO ADOPTADO na Xunta de Goberno Local acordou, en sesión celebrada o 29/03/2017, aprobar a CONTA XUSTIFICATIVA de gastos de realización da “FEIRA DO COCIDO” ao abeiro da LIÑA 3. *Actividades culturais, educativas e sociais, actividades deportivas e actividades sociais* do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016 de conformidade coas bases e convocatoria aprobadas pola Deputación

Provincial de Pontevedra (acordo plenario núm. 6.6687) e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO núm. 233 do 2 de decembro de 2015, corrección de erros BOPPO núm. 250 do 30 de decembro de 2015).

Advertido erro material na consignación do importe total referido no apartado PRIMEIRO do acordo:

PRIMEIRO: Rectificar o apartado PRIMEIRO do acordo da Xunta de Goberno Local de 29/03/2017 de aprobación da conta xustificativa de gastos de realización da “FEIRA DO COCIDO”, realizando a corrección do erro observado no mesmo:

Onde dí: “*por importe de 110.256,72 €*”.

Debe dicir: “*por importe de 107.413,22 €*”.

**A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou:
Corrixir o mesmo.**

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1817/2017. BANCO DE AXUDAS TÉCNICAS:CAMAS ARTICULADAS.

Acordouse a alta no servizo de camas articuladas dunha persoa solicitante.

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1169/2017. NECESIDADE PODA ARBORES COLEXIO PRADO.

Acordouse corrixir o erro padecido na sesión de Xunta de Goberno de 22 de maio de 2017 pasado aprobouse o recoñecemento da obriga por un importe de 2.280,85 € deixando sen efecto a factura anterior e recoñecer a obriga polo mesmo concepto pero diferente importe.

23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 123/2017. ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO“SEGURO SOBRE A FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE LALÍN” (CP012016).

Acordouse adxudicar o contrato de privado denominado “SEGURO

SOBRE A FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE LALÍN”.

24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 721/2017. NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DUN ADMINISTRATIVO/A PARA A ESTRATEXIA LALIN SSUMA 21.

Acordouse:

Primeiro.- Declarar o desenvolvemento do programa DUSI, como un sector esencial para o Concello de Lalín, derivado da importancia dos investimentos nel recollidos.

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo dun (1) posto de Administrativo, vinculado á dita Estratexia Lalín SSUMA 21 do programa DUSI.

Terceiro.- Publicar ditas bases no Boletín Oficial da Provincia, así coma na páxina web e no taboleiro de anuncios deste Concello.

25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2027/2017. CONTRATO MENOR DE OBRAS. ACTUACIONES VARIAS DE MELLORA NA ÁREA RECREATIVA E DE OCIO DE POZO DO BOI.

Acordouse autorizar e compromete un gasto con destino á realización das obras denominadas “ACTUACIÓN VARIAS DE MELLORA NA ÁREA DEPORTIVA E DE OCIO DE POZO DO BOI”.

26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: Expediente 184/2017. ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO “PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL DE LALÍN”(CP012017).

Acordou adxudicarlle o contrato privado denominado “PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL DE LALÍN”.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:15 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.